



BOP

LUNS, 18 DE MARZO DE 2024

N.º 065

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A TURISMO, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A - SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 08 de marzo de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

"As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - 1B) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha (1) praza de Técnico/a Turismo da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Silvia Fernández Vila, para ocupar a praza número 189, denominada Técnico/a Turismo, escala administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Turismo Entrada número 1038, vinculado á citada praza.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 11 de marzo de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0698

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 18-03-2024
ata a día 02-04-2024
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA